

ACCIÓN FORMATIVA

UNIDADE IMPARTIDORA:

CFEA GUÍSAMO

CONVOCA UNHA ACCIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS¹ SOBRE:

**TALLER DE EXECUCIÓN DE CERRAMENTOS EN
PARCELAS AGRÍCOLAS E FORESTAIS.
PECHES TRADICIONAIS EN ANCARES**

DESTINADA ÁS PERSOAS VINCULADAS PROFESIONALMENTE COS SECTORES PRODUCTIVOS RELACIONADOS COA AGRICULTURA, GANDERÍA, INDUSTRIA AGROALIMENTARIA E CADEA FORESTAL-MADEIRA, OU CON EXPECTATIVA DE INCORPORACIÓN, EN ESPECIAL MOZOS E MOZAS DO MEDIO RURAL GALEGO.

LUGAR DE REALIZACIÓN: **CASA QUINDÓS - VILELA**

PARROQUIA: **SON**

CONCELLO: **NAVIA DE SUARNA**

DURACIÓN HORAS: **16**

Nº DÍAS: **3**

HORARIO DE MAÑÁ: De **09:00** h. Ata **14:00** h.

HORARIO DE TARDE: De **15:00** h. Ata **19:00** h.

DATA DE INICIO: **12/11/2021**

DATA DE FINALIZACIÓN: **14/11/2021**

PRESENTAR AS SOLICITUDES, PREFERENTEMENTE, NAS UNIDADES IMPARTIDORAS ORGANIZADORAS DAS ACCIÓNS FORMATIVAS.

¹M01: Acci3ns de transferencia de coñecementos e informaci3n (art. 14). Submedida: 1.1. apoio 3s acci3ns de formaci3n profesional e adquisici3n de competencias do PDR de Galicia 2014-2020. Acci3ns cofinanciadas co 75 % Feader

Memoria explicativa

OBXECTIVOS:

Trátase de completar a formación dxs profesionais e futuros profesionais no deseño, execución, mantemento e conservación de cerramentos nas explotacións agrícolas e vivendas do entorno rural, aproveitando para os peches o material vexetal resultado das podas de castiñeiro, transformándoos en estacas, intentando realizar un aproveitamento integral de tódolos subprodutos que xenera o castiñeiro

PROGRAMA:

- Corta e preparación de troncos para antas (postes verticais de peche)
- Desbastado da cortiza
- Cepillado para obtención dunha cara plana.
- Elaboración de encaixes
- Afiado de antas e medidas de conservación en terra
- Preparación de valdois (paos de peche horizontais)
- Colocación en terra das antas
- Instalación dos valdois
- Elaboración de pequenas cancelas.